

BASES DO CONCURSO

PRIMEIRA,- OBXECTO E ÁMBITO

A Concellería de Feiras, mercados e sanidade organiza o Concurso de Tapas da “ XXV EXALTACIÓN DO COGOMELO” co obxectivo de promover e potenciar o sector hostaleiro, a restauración, o turismo e a economía local no municipio.

O concurso desenvolverase os días 25 e 26 de outubro de 2025 dentro da programación da “XXV EXALTACIÓN DO CUGUMELO”.

Poden participar todos os establecementos hostaleiros situados no Termo Municipal de Curtis, independentemente da súa cualificación e/ou categoría: taberna, bar, mesón, cafetería, restaurante, etc., que queiran ou desexen destacar a calidade da súa cociña de barra.

SEGUNDA,- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

Os participantes deberán adherirse á campaña do Cogumelo para participar presentado a solicitude no Rexistro do Concello onde conste os seus datos e o nome das tapas que presenta. Así mesmo na solicitude deberá indicase o número de conta no que o Concello realizará a transferencia do premio no caso de resultar premiado.

Os establecementos participantes dererán estar ao corrente de pago con todas as Administracións Públicas, polo que deberán autorizar a consulta de datos ao Concello de Curtis ou, no caso contrario, achegar os certificados nos que se acrediten que está libre de débedas.

O prazo de presentación empezará o día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia ata o día 17 de outubro.

Os establecementos participantes poderán elaborar tapas doce ou salgada, e que deberá contar co cogumelo como ingrediente principal.

As tapas serviranse ao público os días 25 e 26 en horario de 13:00 h a 15:30 h.

TERCERO.- VALORACIÓN

A valoración farase por parte dun xurado formado por tres expertos en micoloxía alleos ao Concello, dous representantes da Corporación Municipal e dous traballadores Municipales, que serán designados mediante Decreto da Alcaldía .

O xurado valorará a presentación, elaboración e gusto das tapas e elevará acta, firmada por todos os membros, na que constará o nome dos establecementos premiados cos importes correspondentes.

CUARTO.- PREMIOS

Establécense os seguintes premios :

Un 1º Premio de 300 €

Un 2ª Premio de 200 €

Un 3º premio de 150 €

Catro 4º Premios de 80 €

Os premios entregaranse o día da presentación da Campaña de Nadal do Concello de Curtis. Facendo entrega do diploma acreditativo e de forma inmediata, a Tesourería do Concello realizará a transferencia bancaria por importe do premio concedido a cada un dos premiados.

QUINTO.- ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación no concurso implica a aceptación destas bases, así como a resolución das mesmas.

SEXTA.- PUBLICIDADE:

O anuncio das bases publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e o contido das mesmas na Sede Electrónica do Concello.